

Estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas. Secretaría Xeral de Igualdade. Xunta de Galicia

Obxecto

Facilitarlles ás mulleres, preferentemente vítimas de violencia de xénero, que teñan fillas ou fillos menores e/ou menores en acollida, exclusivamente ao seu cargo, un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun espazo de lecer, reforzando o seu vínculo materno-filial nun ambiente de seguridade, respecto e bo trato como modelo de convivencia.

Prazas e duración

Convócanse ata un máximo de 90 prazas, cunha duración de entre 7 e 9 días, en réxime de pensión completa, que se desenvolverán preferentemente entre finais do mes de xuño e principios do mes de setembro.

Gastos subvencionados

Os gastos de aloxamento, en réxime de pensión completa, traslado de ida e volta desde o seu concello de residencia, equipo de monitoras/es e actividades complementarias.

Requisitos

- a. Ter fillas ou fillos menores e/ou menores en acollida, exclusivamente ao seu cargo e con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos.
- b. Non convivir con parella afectiva.
- c. Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos de Galicia. No caso das mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia e de traballo.
- d. Que a media dos os ingresos brutos mensuais da solicitante non superen o límite do importe de 1,5 veces o IPREM vixente (IPREM 2021: 564,90€) nos seis meses anteriores á data de presentación da solicitude.
- e. Non padecer ela, nin as fillas/os menores e/ou menores en acollida que a acompañen, unha enfermidade que requira illamento e/ou que impida a normal convivencia.

Para asistir ao programa, as mulleres beneficiarias irán acompañadas das súas fillas/os menores e/ou menores en acollida, exclusivamente ao seu cargo e con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos, ambos inclusive, na data de presentación da solicitude.

Lugar e prazo de presentación

Preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación está aberto ata o **30 de xuño de 2021**.

Resolución do 12 de maio de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2021 o programa de axudas para a concesión das estadias de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas (DOG nº 100 do 31/05/2021) **SI447A**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210531/AnuncioG0599-180521-0004_gl.html

Máis información: Servizos sociais do Concello de Touro

Teléfono : 981504029